


MULLERES EN GALICIA

CIFRAS QUE IMPORTAN

#2# ECONOMÍA SOCIAL



A **Economía Social** (ES) engloba todas aquelas actividades económicas e empresariais que, desde o ámbito privado, desenvolven entidades que **perseguen ben o interese colectivo das persoas que o integran, ben o interese xeral económico ou social, ou ambos os dous.**

Algunhas das figuras da ES son as **cooperativas**, as **sociedades laborais**, os **centros especiais de emprego (CEE)** e as **empresas de inserción laboral**, entre outras.

AS MULLERES NA ECONOMÍA SOCIAL*

- A **proporción de mulleres** nos diferentes sectores económicos é **maior na ES** que na economía en xeral e, na maioría deles, supera o 60%.
- As mulleres na ES asumen **distintos roles**: socias, traballadoras, voluntarias e directivas.
- En España, as cooperativas e as sociedades laborais amosan **maior seguridade, inclusión, diversidade, flexibilidade, non discriminación e igualdade de xénero**, así como **menores efectos do teito de cristal** e **maior estabilidade laboral** en comparación con outras empresas.



*Datos extraídos do informe Beyond pink-collar jobs for women and the social economy da OCDE (2023).

DATOS DA ECONOMÍA SOCIAL EN GALICIA

COOPERATIVAS

- Entre 2010 e 2024, constituíronse en Galicia **1.284** cooperativas.
- En 2024, rexistráronse **150 cooperativas** con **406 persoas socias fundadoras**, das cales un **49% son mulleres**.

SOCIEDADES LABORAIS

- Entre 2010 e 2024, constituíronse en Galicia **555** sociedades laborais.
- En 2024, rexistráronse **67 sociedades laborais** con **156 persoas socias promotoras**, das cales un **36% son mulleres**.

EMPRESAS DE INSERCIÓN


- En 2023, en Galicia, había **14 empresas de inserción activas**. Os datos das nove que foron analizadas reflicten que había **208 persoas traballadoras**, das cales un **66% son mulleres**.

CEE

- En 2023, en Galicia, había **128 CEE**, dos cales o **44% son de iniciativa social**. Neles traballan **2.208 persoas traballadoras**, das cales un **40% son mulleres**.
- Das **875 mulleres traballadoras**, un **88% teñen discapacidade**.


ADEMAIS...

A Xunta de Galicia conta coa **Estratexia Galega de Economía Social** dotada de recursos para acadar resultados como a creación de **3.500 novos postos de traballo**.



En 2024, a **Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais** impulsou **máis de 113 actividades formativas e divulgativas**, con máis de 3.000 persoas participantes, das cales un 54% son mulleres.

Nese ano, invertiuse **máis de 48,58 millóns de euros nas accións** vinculadas aos tres eixes da Estratexia: persoas, entidades e gobernanza.



Nota técnica: os datos desta infografía proceden da Estratexia Galega de Economía Social EGAES H27 (Xunta de Galicia) e o Informe da Economía Social en Galicia 2023 (CECOOP-USC).